

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento policía local, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de acceso libre do Concello de Culleredo

ANUNCIO

A concelleira delegada da área de Cohesión social, Recursos humanos e Réxime interior, ditou a resolución número 1252, do día 11 de xullo de 2024, que transcrita literalmente di:

“RESOLUCIÓN

O día 10 de xuño de 2024, resolución número 1075, a concelleira delegada de Cohesión social, Recursos humanos e Réxime interior resolveu elevar a definitiva a relación de aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de catro prazas de policía local, administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de acceso libre. (Código documento UPO18I01AR)

Verificada a concorrencia dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e tendo en conta o establecido na base 10 das Bases xerais para a selección de funcionarios de carreira e persoal laboral fixo do Concello de Culleredo, e de conformidade co establecido no artigo 25 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo de Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, e demais disposicións concordante.

De acordo cos antecedentes e consideracións expostos,

RESOLVO:

Nomear funcionario de carreira da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, grupo C1, con dereito ás retribucións que legalmente lles corresponda, a don Manuel Ernesto Pereira Picón, con DNI número ** *18 87* *.

A toma de posesión efectuarase no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

Culleredo, 15 de xullo de 2024

A concelleira delegada de Cohesión social, Recursos humanos e Réxime interior

Marta María Figueroa Fuentes

(P. D. Resolución núm. 1260 do 04.07.2023;

BOP núm. 131 do 11.07.2023)